

DEBERES DE INGLÉS DE 2º DE PRIMARIA (SEMANA DO 18-22 MAIO - 3º TRIMESTRE):

Bos días,

Estas son as tarefas de Inglés para esta semana:

1.- Entrar na Unidade 5 do Class book en Blink Learning e facer os exercicios orais e escritos das páxs. 50 e 51, Ex. 1 (contar os animais e escribilos debaixo da pregunta) e Ex. 3 (Rodear os nomes de animais dentro do conto). Poden volver ver o conto no enlace: [My house is too small!](#) Facer a páx.52, alí temos no Ex.1 una canción, escoitámola e tamén a podemos facer un repaso das partes da casa polo libro e no seguinte enlace: [Parts of the house](#). Logo facemos o Ex.2 de escoita e numeramos as partes da casa e repasámolas. No Ex. 3 numeramos as oracións e colocámoslle aos animais os números que lle corresponden segundo o que di cada oración, e que ten que coincidir coa parte da casa na que debuxen cada animal. Enviádeme fotos desas 3 páxs. do Class book así como tamén das páxs. 42, 43, 45, 46 e 47 que esquecín pedirvos no seu día (agás os que xa mas mandastes).

2.- Facer a páx. 30 do Activity Book (poden colorear os animais dentro da casa para que se vexa mellor onde está cada un e poder así completar as oracións e incluso numerar a parte da casa que corresponde con cada unha); e as páxs. 8-9 do Skills book, sacarlle fotos a estas 3 páxs. e mandarmas ao meu correo para corrixilas (mirade que o lapis estea moderadamente afiado e que lle calquen ben para que se poida ver e ler ben). Quería tamén pedirvos que por favor mandedes as fotos de fronte (ao dereito, non deitadas) e co libro apoiado nunha mesa para que estea plano, senón ao quedar dobrado non se leen ben os laterais das follas ou quedan as fotos cortadas, co cal cústame moitísimo corrixilas. Tamén é importante que mas mandedes todas xuntas cando acabedes o traballo da semana en 1 ou 2 correos seguidos e as páxs. correlativas por libro.

3.- Sería estupendo si podedes dispoñer dun anaco cada semana para seguir repasando os vídeos co vocabulario xenérico de uso diario do enlace que vos xunto. É convinte que os escoiten a miúdo e que copien nun folio (ou libreta pequena) o vocabulario básico destes vídeos facendo listas por familias de palabras (como vexo que xa facedes algúns polas fotos que me mandades) para tentar memorizalo e logo que traten de copialo sen mirar. O enlace é:

https://docs.google.com/document/d/11EmBad79-nnRrjyYWSwuGv_AIML8Cqv_3iGHVI6dMPQ/edit

Recordade que este é o traballo de Inglés que se recomenda para toda a semana pero que ten un carácter flexible, polo que non se aconsella facelo todo xunto, podedes distribuílo en varios tempos segundo as vosas posibilidades e horarios. Se tedes calquera pregunta con respecto aos deberes de Inglés ou dificultade á hora de traballar co material contactade comigo. Recórdovos outra vez o meu correo marinaepf20@gmail.com para calquera dúbida que vos poida xurdir.

Ánimo que xa vai quedando menos.

Unha aperta.

Marina.